



 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Cambados



**un paseo de
historia e vida**



Cambados

CAMBADOS, VILA TAMÉN COÑECIDA COMO A «CAPITAL DO ALBARIÑO», POSÚE UN CONXUNTO HISTÓRICO QUE FOI DECLARADO BEN DE INTERESE CULTURAL NO ANO 2001 E GALARDOADA COMO CIDADE EUROPEA DO VIÑO EN 2017. O SEU PATRIMONIO ARTÍSTICO ESTÁ FORMADO POR PAZOS E CASAS NOBRES, ESCULTURAS DESEÑADAS POR GRANDES ARTISTAS, PRAZAS E RÚAS EMPEDRADAS QUE A TRANSFORMAN NUN GRAN MUSEO AO AIRE LIBRE. A SÚA ORIXE REMÓNTASE Á FUSIÓN DE TRES VILAS HISTÓRICAS, SITUADAS Á BEIRA DA RÍA DE AROUSA, QUE AÍNDA HOXE MANTÉN A SÚA IDENTIDADE: FEFIÑÁNS, CAMBADOS E SAN TOMÉ DO MAR.

Imprescindibles

A Pazo de Fefiñáns



B Igrexa de San Francisco



C Praza de Alfredo Brañas



D Pazo de Fajardo



E Casa das Cunchas



F Torre de San Sadurniño





Cambados

CAMBADOS, VILA TAMÉN COÑECIDA COMO A «CAPITAL DO ALBARIÑO», POSÚE UN CONXUNTO HISTÓRICO QUE FOI DECLARADO BEN DE INTERESE CULTURAL NO ANO 2001 E GALARDOADA COMO CIDADE EUROPEA DO VIÑO EN 2017. O SEU PATRIMONIO ARTÍSTICO ESTÁ FORMADO POR PAZOS E CASAS NOBRES, ESCULTURAS DESEÑADAS POR GRANDES ARTISTAS, PRAZAS E RÚAS EMPEDRADAS QUE A TRANSFORMAN NUN GRAN MUSEO AO AIRE LIBRE. A SÚA ORIXE REMÓNTASE Á FUSIÓN DE TRES VILAS HISTÓRICAS, SITUADAS Á BEIRA DA RÍA DE AROUSA, QUE AÍNDA HOXE MANTÉN A SÚA IDENTIDADE: FEFIÑÁNS, CAMBADOS E SAN TOMÉ DO MAR.

samente a atención os seus dous amplos balcóns circulares, situados a ámbolos dous extremos do edificio, e unha gran torre ameada, hoxe empregada como miradoiro.

Na praza destaca tamén o único ARCO PONTE que se conserva dos catro que existían noutrora, que eran empregados polos habitantes do pazo para se desprazar polas diferentes dependencias do conxunto e para acceder á IGREXA DE SAN BIEITO. Este antigo templo románico foi remodelado no século XV e reedificado no século XVII. Presenta como elementos máis destacados os campanarios barrocos e o seu interior gótico,

A nosa ruta comeza na **praza de Fefiñáns** ¹, un lugar emblemático, ben sinalizado e con zonas de aparcadoiro reservadas nas rúas que a arrodean. Foi denominada antigamente «praza do Mercado» e está formada polo pazo de Fefiñáns, o arco ponte e a igrexa de San Bieito. Todas elas fermosas construcións de granito que fan deste espazo un dos conxuntos arquitectónicos máis singulares de Galicia.

O PAZO DE FEFIÑÁNS comezou a se construír no século XVI, por mandato de Gonzalo de Valladares y Sarmiento. Chaman poderoso

P. ANTERIORES Praza de Alfredo Brañas, casa dos Fraga
P. OPOSTA Pazo de Fefiñáns
ABAIXO Igrexa de San Bieito





que alberga os sepulcros do I vizconde de Fefiñáns, Gonzalo de Valladares e da súa esposa.

Os baixos do pazo de Fefiñáns albergan dúas adegas de viño albariño: a de [Gil Armada](#), que organiza visitas guiadas para coñecer as dependencias do pazo, os seus xardíns e as súas viñas, e a do [Palacio de Fefiñanes](#), que foi a primeira adega que comercializou o viño albariño con marca e etiqueta. Nas dúas adegas pódese gozar de catas comentadas



para coñecer os viños da D.O. Rías Baixas e ámbalas dúas posúen lugares de venda directa dos seus produtos, viños e licores.

Na mesma praza de Fefiñáns encóntrase a tenda Artesanía [Cucadas](#), que ofrece aos seus clientes unha gran variedade de artigos: encaixe de Camariñas, pezas de ourivaría galega con prata, acibeches e esmaltes, cerámicas típicas como Galos ou Regal, cestería tradicional e todo tipo de artesanía representativa de Galicia.

Dende aquí sae, en temporada turística, o Pavi-Tren, un tren turístico que nos permite

ARRIBA Praza de Fefiñáns
ABAIXO Pazo de Fefiñáns
PÁXINA SEGUINTE Gil Armada

percorrer comodamente o centro histórico de Cambados.

Moi preto, fronte á igrexa, sitúase a [CASA HISTÓRICA DE CAMBADOS](#), un edificio de 1780 onde descubrir a historia dunha morea de obxectos, coma a curiosa colección de máis de 150 caxatos, o mobiliario con algunhas pezas de 250 anos de antigüidade ou a colección de arte contemporánea de artistas locais.

Dende a praza adentrámonos pola **rúa Novidades** ², onde se atopa a casa na que naceu, en 1876, o Poeta da Raza, [RAMÓN CABANILLAS](#).

Continuamos pola **praza das Rodas** ³, lugar do antigo mercado no que se vendían os produtos frescos de consumo diario. Hoxe é unha popular zona de tapas, cunha gran variedade de establecementos onde poder degustar os manxares da ría coma o polbo, as vieiras ou as navallas, sempre acompañados dun bo viño, xa que estamos no berce do Albariño.

O noso paseo condúcenos á **praza Francisco Asorey** ⁴, dedicada ao escultor cambadés que lle da nome. Aquí contemplamos unha réplica en pedra da Naiciña, unha das obras máis coñecidas deste artista local de sona internacional e que foi realizada por un dos seus discípulos. A peza orixinal, de madeira polícroma, foi recentemente



descuberta no Museo Estévez de Rosario (Santa Fe, Arxentina). Antes de abandonar a praza, podemos visitar a [Cervexaría-Taparía Divinas Palabras](#), situada na casa onde viviu outro ilustre galego universal, Ramón María del Valle-Inclán, máximo representante do modernismo literario español. O local toma o seu nome da célebre traxicomedia do escritor que alí residiu.

Este edificio fai esquina coa sempre animada **rúa Real** ⁵, na que podemos atopar restaurantes, pastelerías, tendas de agasallos, cafetarías, viñotecas, tendas de complementos e moda, como [Classic](#) e [Coqueta](#), que ocupan antigas casas familiares de robustos perpiaños e ornamentados balcóns de ferro. O [Hotel Real Ribadomar](#) sitúase nun edificio do século XIX, que dende 2011 está catalogado como un hotel con encanto.

Coma o seu título de «Capital do Albariño» indica, posúe Cambados un incontable



número de viñotecas, bares e tendas que comercializan o viño Denominación de Orixe Rías Baixas, entre os que podemos salientar [A Despensa do Ribeira](#), na praza Francisco Asorey nº 4, que conta cunha ampla variedade de viños brancos e tintos galegos, doutros viños de diferentes denominacións de orixe de España e mesmo internacionais. Pódense atopar tamén produtos de gran calidade como conservas, queixos, embutidos,

aceites, licores ou os exclusivos champañas de Vignerons.

Proseguimos o noso paseo pola **rúa Príncipe 6** e, ao comezo desta dinámica rúa comercial, vemos locais coma a pequena tenda [Grândola Artesanato](#), onde podemos perdernos entre obxectos únicos coma chales tinguidos con tinturas naturais, bonecas cosidas a man, camisetas «Rei Centolo» ou «Galicia Manía», artigos de coiro, ourivaría, cerámica e mesmo xoguetes antigos restaurados. Ao seu lado, [Pepa A Loba](#), unha tenda gourmet con identidade propia, onde atopar vermú, xenebra,



licores, cervexas e conservas, todos elaborados en Galicia e co mesmo nome comercial. Outros negocios de cestería, zapataría, complementos, tendas de viños e licores, animan e dan vida á rúa.

Merece especial mención na rúa Príncipe o [PAZO DE TORRADO](#), que foi construído no século XVIII. Ten no seu exterior un típico patín de granito, os escudos de armas das liñaxes familiares e uns xardíns de acceso libre. No seu interior acolle hoxe unha sala de exposicións. Aquí residiu Joaquín Antonio Torrado, alcalde de Cambados e un dos impulsores da resistencia da comarca do Salnés contra a invasión francesa no 1809.

Ao final da rúa atopamos o [PAZO DE BAZÁN](#), edificado a finais do século XVII por un devanceiro da coñecida escritora galega Emilia Pardo Bazán, que mesmo chegou a pasar tempadas aquí. Hoxe é sede do Parador Nacional de Turismo do Albariño. Diante ábrese o **paseo da Calzada 7**, onde unha escultura de bronce



que representa a [FRANCISCO ASOREY](#) nos brinda a benvida e conmemora o cincuenta aniversario da súa morte. Dende 1952, o primeiro fin de semana de agosto celébrase neste espazo a Festa do Albariño. Trátase da festa vinícola máis antiga de Galicia e a segunda de España. Neste paseo está tamén a oficina de turismo, por se necesitamos un plano ou ampliar información sobre a zona.

A nosa ruta lévanos dende o paseo da Calzada ata a **praza do Concello 8**, presidida pola [CASA CONSISTORIAL](#), que no século XIX serviu de sede ao cárcere e aos xulgados. Sentado nun banco de pedra, recoñecemos a figura, esculpida en bronce, dun dos fillos

PÁXINA OPOSTA, ARRIBA A Naiciña
PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Divinas Palabras
ARRIBA A Despensa de Ribeira
ABAIXO Escudo de armas do Pazo de Torrado



cional, Francisco Leiro, para conmemorar o 50 aniversario da afamada Festa do viño Albariño de Cambados.

predilectos da vila, o poeta RAMÓN CABANILLAS, coa súa boina posta e unha pluma na man dereita coa que escribe nun caderno un poema dedicado a Cambados.

Moi preto de aquí atópase a praza que leva o seu nome, **praza Ramón Cabanillas**, onde nos recibe unha escultura en bronce de Baco, o deus do viño, que non podía faltar na «Capital do Albariño». Foi modelada polo prestixioso escultor local, de sona interna-

Esta praza acolle, ademais, á Xoiaría Villar, a máis antiga de Galicia. Foi fundada no ano 1880 e, dende entón, rexentárona catro xeracións da mesma familia. A súa peza máis representativa é a Folla do Albariño, unha folla de vide realizada a man en prata, que se

ARRIBA Pazo de Bazán
ABAIXO Ramón Cabanillas



lles entrega ás Damas e Cabaleiros da Orde do Albariño durante a celebración desta festa.

Sáímos da praza pola **rúa Isabel II** e torcemos á esquerda pola **rúa Padre Peña** para chegar á IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARIÑA, noutros tempos igrexa de San Francisco do desaparecido convento homónimo. Destacan na fachada renacentista as figuras de Adán e Eva, baixo doseis con forma de cuncha de vieira, e tamén as figuras orantes dos fundadores, acompañados de cadanseus escudos. Conta a lenda que Juan Daval financiou e trasladou a pedra nun carromato

de bois e que a súa esposa lle levaba a comida nunha cesta, de aí que os bois e a cesta aparezan nos seus escudos. O interior da igrexa é pródigo en retablos e imaxes dunha

ARRIBA Adán na Igrexa parroquial de Santa Mariña
ABAIXO Escultura de Baco





gran variedade iconográfica, algunhas delas traídas da igrexa de Santa Mariña Dozo.

A escasos metros, na rúa do Castriño, áchase a CASA DOS FRAGA, unha edificación de finais do século XIX, recuberta de hedra segundo a época do ano, que ten un fermoso xardín. Dende 2010 é sede da Biblioteca Municipal.

Seguindo a senda dos espazos dedicados en Cambados a homenaxear a grandes galeguistas, achegámonos, pola avenida da Pastora ¹², á praza Alfredo Brañas ¹³ e nela atopamos palmeiras centenarias, a FONTE DE PEDRA do ano 1925 e a CASA DOS POMARES, un dos máis fermosos exemplos de residencias

ARRIBA Casa dos Pomares
ABAIXO Casa dos Fraga

fidalgas que se poden achar no centro histórico. A fachada presenta unha variada e rica decoración, algo frecuente no eclecticismo de principios do século XX.

Nesta praza peonil abriron tamén varias cafetarías, con terrazas moi concorridas, sobre todo nos meses estivais, onde se pode tomar un petisco, un café ou unha copa e gozar do ambiente da vila.


Un pouco máis adiante, na rúa Infantas ¹⁴, recíbenos o imponente PAZO DE FAJARDO OU DE SALGADO, edificado a mediados do século XVII, no que caben salientar a súa maxestosa torre ameada da década dos 60 e os distintos escudos das liñaxes familiares dos Feijóo, os Soutomaior e os Figueroa. A glicinia, hedra e buganvilea que trepan pola fachada, acentúan ese aspecto romántico propio dos antigos pazos. Actualmente é unha vivenda privada. Detrás dispónse a CASA DAS CUNCHAS, unha obra do século XIX



ornada con cunchas de vieira, ás que debe o seu nome o edificio.

A nosa ruta continúa pola rúa peonil Hospital ¹⁵, que une o centro de Cambados co barrio mariñeiro de SAN TOMÉ DO MAR. No nº 5 atopamos a pastelaría artesá Costa, a confeitaría máis antiga de Cambados, aberta no ano 1961. Actualmente continúan elaborando, artesanalmente, as súas deliciosas tortas de améndoa, amendoados, pastas holandesas e bolaría caseira, seguindo coas mesmas receitas da familia dende os anos 40. No seu interior conserva o antigo expositor de caramelos, que fai as delicias da maioría dos visitantes.

Abundan nesta rúa as residencias fidalgas e brasonadas, coma o PAZO DE MOLTÓ, un edificio erixido arredor do século XVI como Hospital Real para os enfermos contaxiados pola peste. Na actualidade alberga o afamado restaurante Yayo Daporta e a Tapería Conti-



ental por Yayo Daporta, un dos cociñeiros máis novos en acadar unha estrela Michelin, con tan só 31 anos. Os saborosos mariscos da ría de Arousa proporcionanlle un excelente produto e, a tradición familiar, un coñecemento senlleiro sobre como tratalo. Todo iso dá como resultado unha cociña vangardista merecente dun recoñecemento mundial. Proba diso é que segue a manter o galardón dende o ano 2008. Aquí podemos degustar os sabores característicos das rías galegas maridados cos mellores viños, escollidos para cada ocasión por Esther Daporta, unha das máis recoñecidas sommeliers de Galicia.

En fronte está a CAPELA DO HOSPITAL OU DA PURIFICACIÓN, que co seu nome alude ás terri-

ARRIBA Casa das Cunchas
ABAIXO Pazo de Fajardo ou de Salgado



bles epidemias de peste que asolaron a vila noutra época.

No nº 28 da rúa do Hospital está a [Casa Germán](#), un coñecido bar, aberto dende 1928, que actualmente rexenta a terceira xeración da familia Pintos. Durante estes máis de 90 anos fíxose famoso polas súas empanadillas, que se serven tódolos sábados, domingos e festivos, acompañadas do viño albariño Ouso da Torre, que eles mesmos elaboran.

Ao final da rúa atópase a [CAPELA DE SANTA MARGARIDA](#) e, xunto a ela, un cruceiro. Ámbalas dúas pezas formaban parte do pazo dos Abraldes, hoxe desaparecido. A súa sinxeleza e imaxinaría popular con figuras como San

ARRIBA Capela do Hospital
ABAJO Capela de Santa Margarita

Telmo, San Blas, Santa Lucía ou San Roque dótana dunha singular beleza.

O noso paseo desemboca na **avenida de Galicia** ¹⁶ e lévanos ata a [PRAZA DE ABASTOS](#), que acolle postos de peixe, carnes e verduras frescas, así como de pan de trigo e de millo, empanadas e queixos do país. Arredor deste edificio e ao longo da maior parte do paseo marítimo celébrase tódolos mércores e sábados pola mañá un gran mercado onde se poden atopar todo tipo de produtos, como calzado, roupa, bultos, lenzaría ou flores frescas.

En fronte, está a sede da [CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANTONIO](#), unha das máis antigas de España. O edificio foi construído a comezos do século XX e presenta na súa fachada unha columnata deseñada polo escultor cambadés Narciso Pérez a semellanza dos templos gregos. É interesante salientar que a segunda planta lateral está cuberta de cunchas de



vieira, como se facía noutrora coas casas da zona, para evitar que penetrase a humidade. Na confraría organízanse exposicións e actividades de lecer, e dispón, ademais, de salas de lectura e xogos, servizo de biblioteca, prensa e o café-bar [O Pósito](#) aberto ao público en xeral.

Podemos regresar ao centro de Cambados polo paseo marítimo e así contemplar a obra [AS TRES CARABELAS](#), doutro escultor cambadés, Manolo Paz, que nos presenta tres pétreas vieiras ollando ao mar de Cambados. Un

ARRIBA Café-bar O Pósito
ABAIXO Praza de Abastos



pouco máis adiante descubrimos a estatua [O RAÑEIRO](#), de Alfonso Vilar, que se atopa máis adiante, representa unha instantánea do traballo diario dos mariscadores desta ría.





Paseo Marítimo – Barrio de San Tomé do Mar – Torre de San Sadurniño

Ao longo do paseo marítimo, en dirección ao barrio mariñeiro de San Tomé do Mar, podemos contemplar o porto coas súas embarcacións tradicionais coma as dornas, os barcos bateiros cos seus pequenos guindastres, que axudan nos traballos do cultivo do mexillón, das ostras e vieiras, así como das pequenas embarcacións destinadas á pesca de baixura.

Xa no barrio de San Tomé localizamos o [PAZO DE MONTESACRO](#), un imponente palacio do século dezoito, cunha monumental escaleira dobre, que ostenta na súa fachada o brasón do marqués de Montesacro. Seguindo o dito popular de que «hórreo, capela e ciprés, pazo é», ten tamén unha capela, chamada da Valvanera, na que se venera á padroa da Rioxa, cunha imaxe traída dende alí pola familia Zárate e Murga. A súa devoción conta con gran tradición no barrio.

Destacan as [CASAS DE SAN TOMÉ](#), algunhas das cales están feitas cos restos da Torre de San Sadurniño e con area da illa da Figueira. Tamén podemos observar algunhas paredes laterais cubertas con cunchas de vieira para protexer as casas das inclemencias do tempo.

É moi característica a estreiteira dalgunhas vivendas, que medían o ancho dun remo. Nas plantas baixas destes edificios gardábanse os útiles de pesca, enriba estaba a vivenda e

o piso superior empregábase como almacén. Na fachada adoitaba haber unha roldana para izar as redes e facilitar así o seu secado. Eran coñecidas como as casas remo.

Por una sinxela ponte peonil chégase dende San Tomé do Mar á illa da Figueira, na que se conservan os restos da [TORRE DE SAN SADURNIÑO](#), que se ergueu como parte do sistema defensivo medieval que protexía a ría de Arousa. Moitos e importantes foron os personaxes históricos que ocuparon as

PÁXINA OPOSTA Torre de San Sadurniño

ABAIXO Vivienda mariñeira do barrio de San Tomé





ARRIBA Pazo de Montesacro

dependencias desta fortificación, entre eles a raíña consorte Xoana de Castro, que, segundo conta a lenda, foi encarcerada polo seu esposo Pedro I, chamado o Cruel, na mesma noite de vodas.

Aos pés da torre esténdese o banco natural de marisqueo do Serrido, por iso é habitual ver por alí a numerosas mariscadoras traballando durante a baixamar. Guimatur, a Asociación Cultural de Mulleres do mar de Cambados, ofrécenos a posibilidade de coñecer de primeira man o mundo dos cultivos mariños.

No nº 13 da rúa Montiño de Abaixo, atópase a [Casa Pintos](#), un establecemento de comidas tradicional especializado en ostras e outros moluscos da ría, que hai que acompañar co seu viño albariño de elaboración propia, O Montiño. A súa sona medrou dende que a

coñecida actriz Gwyneth Paltrow xantou alí durante a rodaxe do programa «Spain on the road».

Ribeira de Fefiñáns – O Museo do Muíño da Seca

Se nos diriximos polo paseo marítimo cara ao porto de Tragove, percorremos a Ribeira de Fefiñáns, unha agradable camiñada á beira da ría, chea de viñotecas, restaurantes e bares de tapas, algúns con animadas terrazas, onde gozar da gastronomía local e do viño da Denominación de Orixe Rías Baixas..

Pola **rúa Pombal** podémonos achegar ao [MUSEO DO MUIÑO DA SECA](#), un dos escasísimos muíños de marea que aínda perdura. Foi chamado así porque, coa subida da marea, se almacenaba a auga nunha balsa interior e, durante a baixamar, o fluxo de auga accionaba as catro moas, empregadas para triturar o gran, mentres a balsa quedaba seca. Estivo en funcionamento durante case tres séculos e medio e era propiedade dos vizcondes de Fefiñáns. Hoxe pódese visitar como museo, aínda que hai que solicitalo previamente mediante reserva e acudir en grupo.


O Museo etnográfico e do viño – As Ruínas de Santa Mariña Dozo – O Miradoiro da Pastora – O pazo da Capitana

A avenida da Pastora lévanos ata o [PAZO DE ULLOA](#), outro nobre pazo onde residiu o fundador da Universidade de Santiago de Compostela, o arcebispo Alonso III de Fonseca.

Ao final da avenida chegaremos ao [MUSEO ETNOGRÁFICO E DO VIÑO](#), onde descubriremos tódolos aspectos relacionados coa Denominación de Orixe Rías Baixas, tan importante para a economía e a cultura desta comarca..

A poucos metros atópase un dos recunchos máis románticos de Galicia, [AS RUÍNAS DA IGREXA DE SANTA MARIÑA DOZO](#), declaradas Monumento Nacional en 1943 e pertencentes á Asociación de Cemiterios Singulares de Europa. Os arcos nus, coma un enorme esqueleto, e o chan ateigado de tumbas envólvena nun halo de misterio. No século XIX o templo deixou de ter culto habitual e converteuse en cemiterio parroquial; celébrase só anualmente unha misa o Día de Defuntos.


Detrás das ruínas está o [MONTE DA PASTORA](#), onde podemos gozar das mellores vistas de Cambados, das súas viñas e do seu mar, a ría de Arousa. Neste lugar, o 5 de agosto, celébrase a romaría de San Xusto e San Pastor, cuxas imaxes portan senllos acios, que sim-



ARRIBA Ruínas de Santa Mariña Dozo

bolizan a petición que se lles fai de ter unha boa vendima que comezará semanas despois.

Nas proximidades atópase o [PAZO DA CAPITANA](#), no nº 46 da rúa Sabugueiro, un lugar con encanto onde podemos visitar a antiga adega, pasear polo predio con xardíns e viñas ou mesmo hospedarnos alí. Trátase dunha casa de nobre liñaxe con máis de cinco séculos de antigüidade, reconvertida en casa rural.



გაღივი